

**PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE OBRADOIRO DE ESTUDOS
LOCAIS**

PLENO 13 DECEMBRO 2012. ACTA 21/2012

No pleno do pasado mes de agosto a Agrupación Electores de Redondela presentou unha moción co fin de recuperar o patrimonio de gran interese que temos na Telleira (Cesantes).

Grazas ao traballo da asociación cultural “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROI”, o Concello dispón da información necesaria para remitir ás distintas administracións que teñen competencias neste espazo (Costas, Xunta, etc).

Polo anteriormente exposto formulámoslles a seguinte pregunta:

Que xestións teñen realizado ata a data de hoxe con respecto a este tema?

O concelleiro Pazos Couñago dí que teñen boas relacións co obradoiro. Tiveron unha reunión con Costas para ampliar o paseo. Faranse as cousas pouco a pouco.